

“Castelao merece ser estudiado non polo que lle atribuímos que dixo e fixo”. Carlos Casares, desmitificador e dialogador, apostou onte, entre reflexións e anécdotas da familia galeguista, pola revisión da vida e obra do artista, escritor e político que o 7 de xaneiro chega ó 50 cabodano. É tamén o cincuentenario da editorial Galaxia, que edita por vez primeira a súa obra completa.

A biografía pendente

Galaxia edita, por vez primeira, a obra completa de Castelao, do que Casares cre que circulan inexactitudes

Casares presentou onte durante un xantar en Compostela os plans da editorial que dirixe, Galaxia—propietaria dos dereitos da maioría da obra de Castelao—, con motivo dos cincuenta anos da morte do autor de *Sempre en Galiza* e os 50 anos da editorial, que nacera no ano da súa morte (Bos Aires-1950). Para a ocasión editarase en sete volumes a súa obra, literaria e política, completa que, coordinada polo profesor Henrique Monteagudo, contará cunha tiraxe de 3.000 exemplares por tomo e faranse edicións especiais das obras publicadas en varias das súas coleccións.

Pero a data tamén concita novas suxestións, revisións e desmitificacións:

Casares, logo de deixar claro que a obra de Castelao está “moi difundida” e que segue sendo “unha figura ben recibida e aceptada por todos os sectores da sociedade”, indicou que “circulan inexactitudes” en moitas das súas biografías e coincidiu con Monteagudo ó precisar que a edición da obra completa permitirá coñecer mellor o autor de *Retrincos*, que para o director de Galaxia é unha das súas obras favoritas.

“Precisamente o estudo en profundidade de toda a obra de Castelao suporía que escritos como *Sempre en Galiza* perdesen a súa actual consideración e se coñeceran outras cuestións menos valoradas do traballo e da vida deste artista, político e intelectual galego” comentou logo



IRENE MOLINA

Frank Meyer, Carlos Casares e Henrique Monteagudo

de informar da reedición e revisión de obras como *Os vellos nos deben namorarse*, *Retrincos*, *Os dous de sempre* ou *Cousas no deseño actual da Colección Literaria*, un minilibro con citas do *Sempre en Galiza* e senllas escolmas da obra literaria e das *Cousas da vida*. “Trátase de popularizar aínda máis a obra de

Castelao”, aclarou. Para “bibliófilos”—dixo Casares— a editorial chegou a un acordo para unha reedición especial do *Sempre en Galiza* editado inicialmente polo Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago como agasallo institucional.

Casares e Monteagudo ían enlazando datos e anécdotas do

momento histórico que lle tocou vivir a Castelao.

Cuestionouse o Castelao “mito” para precisar que “quizais xa chegou o momento de que sexa estudiado polo que fixo e se recuperen moitas outras cuestións da súa vida que foron esquecidas”. Tamén salientaron a importancia das súas cartas, ante o que Monteagudo insistiu na “dificultade” á hora de acadalas “non só as que están achantadas na Fundación Sabino Arana, senón as de particulares, aínda máis valiosas, que por sacralización ou por prurito non as facilitan”.

Cartas que deron paso a rectificacións coma a que Casares fixo respecto da que recibira Castelao e que tanto lle doera ó verse censurado: “Non era como se pensa de Ramón Piñeiro senón de Fermín Penzol e dá conta das diferentes formas de ver dos galeguistas”, dixo minimizando misterios e disputas.

Otero, Risco, Portela Valladares, Largo Caballero, Negrin, Aguirre e o propio Arzalluz, como *cerraxeiro* das cartas de Castelao remitidas ós bascos, debuxaron, á fin, o Castelao “con ambicións políticas” ou o “escritor esixente, que reelabora, continuamente os seus textos”. Agora Galaxia, cos orixinais na man, reedita a súa obra “dándolles preferencia na escrita ás mellores variantes”, aclarou Henrique Monteagudo.

SANTIAGO
Redacción